



Venres, 25 de setembro do 2015

Esta décima edición arranca o vindeiro xoves con Rosa Enríquez e Teresa Moure

O ciclo Escritoras/es na Universidade cumpre dez anos

En cada sesión, os autores e autoras falarán da obra do outro convidado, apostando así pola subxectividade

Duvi | Vigo

O ciclo de mesas redondas ***Escritoras/es na Universidade*** cumpre dez anos e faino cunha nova edición que aposta pola subxectividade. Deste xeito, os dous participantes de cada unha das sesións, en lugar de falar sobre a súa propia obra, introducirán a do seu compañeiro ou compañeira. Este ciclo, organizado pola Asociación de Escritoras e Escritores en Lingua Galega e a Secretaría Xeral de Política Lingüística en colaboración coa Facultade de Filoloxía e Tradución, trata de achegar á comunidade universitaria e á sociedade en xeral a oportunidade de escoitar as reflexións de destacados e destacadas representantes do panorama literario galego.

No décimo aniversario a organización optou pola parcialidade, polo punto de vista do outro, para que os asistentes obteñan “unha panorámica subxectiva da situación dos xéneros poético, narrativo e teatral en Galicia a través das súas creadoras e creadores”. Para chegar a ese punto, en cada sesión participarán dous relatores ou relatoras, e cada un dará unha visión da obra e da figura pública do outro, “unha introdución subxectiva e breve sobre a súa recepción da obra da persoa compañeira de mesa, que preguntas lle suscita, para despois encetar un diálogo fluído entre relatores-as para, ao final, establecer un coloquio aberto para dar oportunidade ao alumnado de formular as súas preguntas”.

Sesións no campus e na cidade

Esta décima edición arrancará o vindeiro xoves 1 de outubro cunha mesa redonda sobre poesía na que participarán Rosa Enríquez e Teresa Moure e terá lugar no salón de actos da Facultade de Filoloxía e Tradución. Enríquez, licenciada en Filoloxía Hispánica pola Universidade de Santiago de Compostela, é docente, poeta e articulista en diversos xornais e revistas. Coa súa primeira obra, *Nas aforas*, obtivo o Premio Francisco Añón de Poesía do Concello de Outes no 2005. Publicou despois *Vestíbulo da devastación* (2007), *Desobediencia* (2011), e en 2012 outro libro de poemas: *Atlas de Chaguán*. Participou tamén en obras poéticas colectivas e publicou unha novela xuvenil de ciencia ficción e fantasía titulada *Unicrom* (2008). A obra de Teresa Moure é tamén multidisciplinar incluíndo novela, poesía, ensaio, literatura infantil, teatro e tradución. Doutora en Lingüística xeral pola USC, obtivo entre outros galardóns o Ramón Piñeiro de ensaio en varias ocasións, o premio María Casares ó mellor texto orixinal en 2009 por *Unha primavera para Aldara* ou Premio Xerais de novela en 2005 por *Herba moura*.

As outras dúas sesións do ciclo trasladaranse ao Charenton ClubCultura, na rúa Ramón Nieto, e terán lugar os venres 9 e 16 de outubro ás 19.30 horas. Deste xeito trátase de achegar esta actividade á cidadanía, tanto pola proximidade como polo horario. Na primeira delas abordarase a narrativa da man dos escritores e xornalistas Juan Tallón e Manuel Darriba. Tallón obtivo coa súa primeira obra, *A autopsia da novela*, o Premio Pastor Díaz de Novela. En 2010 publica *A pregunta perfecta (O caso Aira-Bolaño)* e en 2013 *Fin de poema*, co que obtén o Premio Lueiro Rey. Con el compartirá mesa Manuel Darriba, cunha ampla experiencia tanto no eido da comunicación como no da literatura, sendo tamén guionista de series e programas de televisión. Obtivo o Premio Lueiro Rey de novela curta no 2000 por *Velada do billarista*, o Premio Espiral Maior de Poesía no 2005 por *Vostede non sabe con quen está a falar*, o Premio de poesía Miguel González Garcés no 2010 e por *Os indios deixaron os verdes prados*.

Pedarán esta décima edición do ciclo Clara Gayo e Marta Pérez nunha mesa redonda sobre o teatro. A primeira delas, escritora e actriz, ten traballado por compañías como Nut Teatro, BerroBambán Teatro, Chévere ou Cachuzo Teatro. Como autora ten publicat os títulos como *Prohibido sufrir*, *Agorafobia*, *Parálise sobre o medo*, *Razóns de peso*, *Moviditas* ou *A mirada de Pier*. Marta Pérez é actriz, creadora escénica e produtora teatral e dirixe Inversa Teatro, compañía coa que leva cinco producións teatrais: *Expostas*, *Kamouraska*, *Paper Dolls*, *Té con Kant* (premio do público Coiro de Pita– 2015) e *Fémina Sapiens*. Este ano recibiu o XV Premio Teatral Maruxa Villanueva pola súa interpretación en *Té con Kant* e pola súa traxectoria á fronte de Inversa Teatro.